

Orden do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da última comisión
2. Informe da dirección
3. Aprobación, se proceder, da proposta de tarifas para o ano 2011
4. Rogos e preguntas

Comisión de usuarios. 9 de DECEMBRO de 2010

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DE 23 DE XUÑO DE 2010

Na Sala de Xuntas do Edificio de Servizos Centrais de Investigación, ás 12:30 horas, en segunda convocatoria, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da Universidade da Coruña, por convocatoria da súa Presidenta, a Vicerreitora de Investigación Dona Concepción Herrero López, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión anterior
2. Informe da dirección
3. Renovación da Comisión de Usuarios
4. Aprobación, se proceder, da proposta de cambio de tarifas e tarificación de cursos de formación para usuarios externos
5. Aprobación, se proceder, da proposta dunha nova unidade de augas
6. Rogos e preguntas

e sendo a relación de asistentes:

Concepción Herrero López, Presidenta
Jaime Rodríguez González, Director dos S.A.I.
Carlos Jiménez González
Julián Yáñez Sánchez
Jordi Delgado Martín
Pilar Rodríguez Barro
Andrés Martínez Lage
Andrés de Blas Varela
Soledad Muniategui Lorenzo
José María Aguiar Paz
Jorge Otero Canabal

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da anterior reunión, celebrada con data de catro de decembro de 2009.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

Xúntase a esta Acta a información exposta pola dirección, en formato electrónico, e faise un breve resumo a continuación.

Comenta tamén o Director que se puxo en contacto co servizo un grupo de arquitectos que está a levar a cabo un proxecto de restauración do mural de Lugrís nunha cafetería (Café Vecchio) de A Coruña, xa que precisan estudos de microscopía de varrido. A Dirección ofreceu aplicar aos traballos a tarifa A, a cambio da visibilidade que pode aportar a participación no proxecto.

Sobre a memoria do ano 2009 destácase:

Un incremento do 18% no rexistro de mostras

Un incremento do 5% en determinacións

A distribución de mostras e determinacións por tipo de usuarios é similar á de outros anos, cun lixeiro aumento de B en detrimento de A.

A facturación sitúase no mesmo nivel que en 2008. Para este ano estímase un certo descenso. Por tipo de usuarios, aumentado a porcentaxe de contribución dos tipos C e A.. Por departamentos, a contribución de Bioloxía Celular e Molecular aumentou bastante con respecto a outros anos (servizo de secuenciación).

Púxose en marcha xa unha páxina web nova, máis dinámica e fácil de modificar e actualizar.

Novo equipamento instalado:

EMRI (Espectrómetro de masas de relacións isotópicas). Similar a un xa instalado, pero con mellor sensibilidade. Hai aínda algúns problemas de posta en marcha, a técnico da unidade notificará aos usuarios cando se finalice a instalación.

Xa en funcionamento unha estación de hibridación na Unidade de Bioloxía Molecular. Os primeiros ensaios non se cobrarán. Sen embargo, os chips son costosos, polo que se plantexa a posibilidade de compartir os costes entre os usuarios e o servizo.

Despois das últimas auditorías de calidade en decembro de 2009 e marzo de 2010, mantéñense a certificación ISO 9000 e a acreditación ISO 17025. Solicitouse a ampliación da acreditación para incluír determinados ensaios en auga, esperándose a auditoría para finais de ano (na presentación menciónase por erro o ensaio de nitróxeno por método Kjeldhal, que embargo non está contemplado).

Jordi Delgado agradece o esforzo realizado polos técnicos do servizo, en especial Alicia Cantarero, María Lema e Susana Roch.

A vicerreitora de investigación anuncia que haberá unha convocatoria FEDER para equipamento. Esta debería terse publicado xa, e esperase para xullo ou agosto; solicitouse que o prazo sexa suficiente para rematar os trámites en setembro. O Director informa que as unidades entrarán en contacto cos usuarios ao respecto, se ben en principio non está pensado solicitar grandes equipamentos. A convocatoria contempla unha porcentaxe en forma de anticipos reembolsables a interés cero. No futuro non se poderá aplicar interés cero, por imperativo legal.

3. Renovación da Comisión de Usuario

O regulamento indica que a renovación dos membros debe ter lugar cada 4 anos.

O Director suxiere que os actuais representantes discutan cos grupos aos que representan a súa continuidade ou a súa substitución por outras persoas. Posteriormente, débese notificar a nova composición para a súa aprobación pola Comisión de Investigación. O Director informa asemade que xa foron elixidos os novos representantes do persoal.

4. Aprobación, se proceder, da proposta de cambio de tarifas e tarifación de cursos de formación para usuarios externos

Algunhas casas comerciais, fabricantes de equipamento, solicitan a realización de demostracións nos laboratorios dos SAI, impartidas polos técnicos do servizo. Normalmente chégase a acordos para obter algún tipo de compensación, por exemplo mediante suministros de funxibles, pero deséxase establecer unha tarifa e que os ingresos revirtan no servizo. O Director propón unha tarifa de 750 euros por xornada.

No servizo de secuenciación, a usuaria Josefina Méndez Felpeto suxire a revisión dos prezos. Estes son moi dependentes das oscilacións nos custes dos kits empregados. Proponse baixar a tarifa de 8.91 a 6 euros. A Vicerreitora menciona que un laboratorio coreano que recolle as mostras por mensaxería está causando un afundimento dos prezos de mercado. Se ben a maior parte dos investigadores só recorre a ese laboratorio para estudos básicos, e os traballos máis críticos fanse nas universidades, todas as universidades españolas acusaron o efecto e víronse forzadas a baixar tarifas. O noso laboratorio ofrece asistencia e asesoramento post-análise.

Preséntase unha proposta do grupo de Química Analítica, que afectaría aos usuarios internos, relativa á posta a punto de métodos por grupos de investigación, que despois se trasladan aos servizos. O grupo que pon a punto o método tería un abono do 30% sobre o coste do ensaio. Jorge Otero expón que, aínda que os factores expostos tal vez deban considerarse, para ensaios de certo coste, e dado que as tarifas tipo A únicamente cubren os gastos de consumibles, pódese xenerar un problema de financiación do servizo. Carlos Jiménez opina que unha proposta deste tipo pode ser válida para métodos que vaian ter un uso por diferentes grupos, pero se se trata de métodos que van ser aplicados só polo grupo que os pon a punto, pode non resultar xusto. Andrés de Blas menciona outra posible fórmula, na que unha parte do beneficio xenerado pola demanda externa do método revirta no grupo que o puxo a punto. Jordi Delgado pregunta se o diñeiro percibido revirte directamente ao servizo. O Director explica que o diñeiro vai á universidade, non ao servizo, e que cada ano se negocia o presuposto en base aos ingresos. Jordi Delgado considera que isto supón un problema á hora de revertir os ingresos, e plantexa que o servizo debería ter unha estrutura máis independente para posibilitar estas cousas. O Director di que será necesario matizar máis a aplicación de descontos en base a parámetros como a demanda dos ensaios, etcétera, e agradece as aportacións que poidan facerse. Soledad Muniategui menciona que tamén podería terse en conta o volume de uso do servizo polos grupos.

O último punto queda para posterior estudo nunha vindeira reunión, os dous primeiros apróbanse.

5. Aprobación, se proceder, da proposta dunha nova unidade de augas

A Unidade de Técnicas Instrumentais de Análise atópase implicada neste momento na acreditación de análises de augas. A intención é descargar todas estas análises nunha nova unidade, que se encargaría tamén da análise de carbono orgánico totla (TOC), anións e parámetros físico-químicos (aínda que algúns destes ensaios non se acrediten). O Director menciona que a unidade coordinaría tamén: emerxentes (UTC), metais en augas (UEPM) e isótopos estables en augas (UTIA), no referente á entrada de mostras e á saída de informes. José María Aguiar pregunta se estes ensaios se seguirían a facer nas mesmas unidades que ata agora, respondendo afirmativamente o Director. Jorge Otero pregunta se esta organización se discuteu cos técnicos das unidades implicadas, e menciona que non foi tratada no Comité Técnico do servizo. O Director di que si se comentara aos técnicos daquelas unidades. Jordi Delgado comenta que, actualmente, os resultados xa se presentan de xeito correcto, pero que isto podería aportar certas melloras. Jorge Otero di que posiblemente sexa así, se ben hai que ter en conta cuestións relativas á organización do servizo, que se deberían abordar a nivel do servizo no Comité Técnico. José María Aguiar pregunta se a creación da unidade ten repercusións na Relación de Postos de Traballo, e o Director explica que se solicitou unha nova plaza de Técnico Superior adscrito á mesma. Apróbase a creación da Unidade de Augas. Discutírase no Comité Técnico o seu encaixe a nivel de organización interna.

Andrés Martínez Lage menciona que se alongaron algo os tempos de resposta da UBM. O Director explica que se produciron dúas baixas por maternidade nesta unidade, e se ben se procedeu ás correspondentes substitucións, inevitablemente os tempos de resposta víronse resentidos de xeito temporal.

Carlos Jiménez pregunta se sería posible reflexar nos informes anuais o número de mostras por equipo ou infraestrutura. O Director explica que na memoria consta esta información por técnicas. Carlos Jiménez pensa que estes datos pódense valorar á hora de plantexar a renovación dun aparato. Andrés Martínez Lage propón o criterio do número de horas de uso. Jorge Otero menciona que para cada instrumento, dependendo da forma e réxime habitual de uso, poden resultar máis relevantes diferentes parámetros. Jordi Delgado opina que en ocasións debe contar máis a rendibilidade científica que a numérica, se ben é importante identificar os equipos que non se usan, e que se poden rendibilizar mellor de outra maneira, por exemplo mediante unha donación.

Comisión de usuarios. 9 de DECEMBRO de 2010

Respecto dos novos representantes dos usuarios na Comisión, A Vicerreitora informa que se dirixirá a outros centros, e pide aos actuais representantes que pola súa parte se dirixan ao ámbito máis amplo posible que resulte razoable. Enfatízase a importancia de que os representantes sexan usuarios activos.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 14:00 horas.

Vº e Prace da Presidenta

Asdo.: Concepción Herrero López

O Secretario da Comisión

Asdo.: Jorge Otero Canabal



a. Creación nova unidade nos SAI:

Resolución reitoral de 19 de novembro: nova unidade de augas

b. Novo equipamiento adquirido durante o ano 2010

245.232 euros

SISTEMA DE ESPECTROMETRÍA DE MASAS DE MEDIDA AUTOMATIZADA DE RELACIÓNS ISOTÓPICAS DE ISÓTOPOS ESTABLES



The FLASH 2000 HT also combines the proven performance of our FLASH 2000 IRMS and the TC/EA into one instrument.

When coupled to a Thermo Scientific Isotope Ratio Mass Spectrometer (IRMS), this powerful but economical analyzer allows bulk stable isotope analyses of N, C, S, H and O of organic and inorganic materials as well as water and other liquids.



**Espectrómetro de masas
Delta V Advantage**



Gas Chromatography

The GC-C/TC III with combustion and high temperature pyrolysis is used for compound specific isotope analysis of complex mixtures separated on a capillary GC column. Determination of D/H, $^{13}\text{C}/^{12}\text{C}$, $^{15}\text{N}/^{14}\text{N}$ and $^{18}\text{O}/^{16}\text{O}$ isotope ratios is possible for all mixtures accessible by the GC technique. More than 600 GC-IRMS systems are installed and being used in a very large range of application.

Positive identification of compounds can be achieved by simultaneous determination of isotope ratios and acquisition of full scan EI/CI spectra, with a hybrid GC-MS/IRMS system.



**The Universal Interface
for Continuous Flow Isotope Ratio MS**



c. Páxina web

SAI: Servizos de Apoio á Investigación [Universidade da Coruña]

08/12/10 19:17



The screenshot shows the SAI website homepage. At the top left is the SAI logo with the text 'servizos de apoio á investigación'. To its right is a navigation bar with links: 'Acerca dos SAI', 'Novas', 'Unidades', 'Consultas', 'Tarifas', 'Formularios', 'Suxestións', and language options 'castellano' and 'galego'. Below the navigation bar is a list of services: 'Análise Estrutural', 'Bioloxía Molecular', 'Espectrometría de Plasma-Masas', 'Espectroscopia Molecular', 'Microscopía', 'Técnicas Cromatográficas', 'Técnicas Instrumentais de Análise', 'Análise de augas', and 'Xeocronoloxía'. The main banner features the text 'Laboratorios de Apoio á Investigación' over a background image of laboratory equipment. Below the banner is a paragraph describing the SAI services. This is followed by a section titled 'Obxectivos:' with three bullet points. At the bottom, there is a grid of nine images, each representing a different laboratory service with its name written below it.

servizos de apoio á investigación

Agregar este sitio a favoritos

Servizo de mantemento de equipamento Científico

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Mércores 08 de Decembro de 2010, son as 7:04 pm

Acerca dos SAI | Novas | Unidades | Consultas | Tarifas | Formularios | Suxestións | castellano | galego

Análise Estrutural | Bioloxía Molecular | Espectrometría de Plasma-Masas | Espectroscopia Molecular
Microscopía | Técnicas Cromatográficas | Técnicas Instrumentais de Análise | Análise de augas | Xeocronoloxía

Laboratorios de Apoio á Investigación

Os Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da Universidade da Coruña, situados no Edificio Servizos Centrais de Investigación (Campus de Elviña), están constituídos por unha serie de laboratorios dotados de persoal altamente especializado e dun equipamento de alto nivel tecnolóxico, que prestan os seus servizos tanto a investigadores desta universidade, como a outras institucións públicas e privadas. Os SAI están estruturados en unidades que son as súas células básicas de funcionamento e que engloban, en xeral, un conxunto de técnicas afíns.

Obxectivos:

- Ofrecer apoio e complementariedade aos grupos de investigación da Universidade da Coruña, así como a outras universidades, organismos públicos e empresas do noso contorno.
- Poñer a punto novas metodoloxías de análise propias co fin de mellorar e ampliar as prestacións das diferentes unidades.
- Asesorar cientificamente na resolución de problemas técnicos e experimentais.

Análise estrutural

Bioloxía molecular

Espectrometría de plasma-masas

Espectroscopia molecular

Microscopía

Técnicas cromatográficas

Técnicas instrumentais de análise

Xeocronoloxía

Análise de augas



Agregar este sitio a favoritos



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Mércores 08 de Decembro de 2010, son as 7:20 pm

[Acerca dos SAI](#)

[Novas](#)

[Unidades](#)

[Consultas](#)

[Tarifas](#)

[Formularios](#)

[Suxestións](#)

[castellano](#) | [galego](#)

Novas

Sobre os SAI

16/11/2010 III Reunión Nacional de Dioxinas, Furanos y Compuestos Orgánicos Relacionados

Os Servizos Científico-Técnicos de Investigación de La Universidad de Cantabria (UC) en colaboración co Departamento de Ingeniería Química y Química Inorgánica de la UC e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) organizan esta reunión que

10/11/2010 Curso de formación para operadores/supervisores de instalacións radiativas

Datos: 09-23 de febreiro de 2011

DURACIÓN E CRÉDITOS DA USC:

Medicina Nuclear 36/44 horas (3,8/4,4 créditos)

Control de Procesos e Técnicas Analíticas 30/35 (3/3,6 créditos)

PREINSCRIPCIÓN: até o 15 de xaneiro de 2011

26/10/2010 Cambio de tarifas

Cambian as tarifas de tipo A en Bioloxía Molecular

Cambian as tarifas de tipo B en Outros

Cambian as tarifas de tipo B en Outros

14/10/2010 Seminario: Modelado con Comsol Multiphysics

Vigo: Mércores 20 de outubro de 2010 Máis información: <http://www.addlink.es/productos.asp?pid=841>

29/09/2010 Seminario ICP

Seminario de Espectrometría de emisión óptica por ICP e dixestión por microondas próximo día 6 de outubro en Madrid

13/09/2010 Seminario: simultaneous compound Quantification and Identification using High resolution MS

AB SCIEX organiza un seminario sobre espectrometría de masas durante o ISC VLC. O evento terá lugar o mércores 15 de Setembro no auditorium 3B comezando ás 11:30h. No ficheiro adjunto atopará un resumo do workshop.

13/09/2010 Primeira conferencia europea de espectrometría de masas

O vindeiro 6-7 de outubro terá lugar a primeira conferencia europea de espectrometría de masas. Toda a información do evento así como o rexistro electrónico no mesmo: <http://www.absciex.com/ecmsms2010>

 [Descargar](#)

 [Descargar](#)

 [Descargar](#)

 [Descargar](#)

 [Descargar](#)

 [Descargar](#)

Eventos investigación

03/12/2010 Congreso da Sociedade Española de Proteómica

 >>

Segovia (8-11 de febreiro de 2011)

29/11/2010 Xornadas: Como mellorar a capacidade investigadora en Galicia

Organiza: ASOCIACION DE BOLSEIROS DA FUNDACION PEDRO BARRIE DE LA MAZA
Sábado 27 de novembro de 2010 de 17.00 a 20.00 h Fundación Pedro Barrié de la Maza

 >>

22/11/2010 III Feira de Emprego

 >>

24/11 na Facultade de Socioloxía

19/11/2010 Boletín da OTRI

 >>

19/11/2010 Seminario do coñecemento científico ao mercado: claves para a creación de valor en biotecnoloxía

 >>

08/11/2010 Oferta de cursos

Programa de cursos:
O plan de negocio
Contabilidade e finanzas
Marketing
Propiedade intelectual e patentes

 >>

03/11/2010 10º concurso de proxectos tecnolóxicos

 >>

29/10/2010 Información das últimas convocatorias de axudas á investigación

 >>

Fonte: OTRI

d. Postos de traballo nos SAI

En el programa INCITE de la Xunta

1 Isabel Barreto

1 Lucas Labrada Informático

e. Novos ensaios para acreditación ISO/UNE 17025

PCB's se adicionaran a ensaio de dioxinas

Augas:

Fósforo, metais

DQO, DBO5

Amonio, pH, conductividade

Sólidos en suspensión

Marzo 2011 Auditoría

f. Petición FEDER 2010

Sistema de extracción de fase sólida para muestras acuosas

Cantidad FEDER solicitada: 96.096,84 €

Inversión total: 137.281,2 €

Espectrómetro para medidas de tiempos de vida de fluorescencia t estados estacionario.

Cantidad FEDER solicitada: 104.117,3 €

Inversión total: 148.739 €

Analizador termogravimétrico (TG) de presión y alto vacío acoplado a un espectrómetro de masas

Cantidad FEDER solicitada: 164.071,68

Inversión total: 234.388,12 €

Scanner láser para la cuantificación precisa de proteínas y ácidos nucleicos desde soportes sólidos mediante marcajes radioactivos, fluorimétricos y de Quimioluminiscencia

Cantidad FEDER solicitada: 67.146,49 €

Inversión total: 95.923,56 €



TARIFAS 2011: Subida do 2% (incremento do IVE)

13	DIFRACCIÓN DE RAIOS X (MONOCRISTAL)		
131A	Toma de datos a temperatura ambiente	40,00 €	40,80 €
132A	Toma de datos a baixa temperatura	68,00 €	69,36 €
133A	Resolución de estrutura	68,00 €	69,36 €
134A	Selección de cristal		10,00 €

TARIFAS 2011: Subida do 2% (incremento do IVE)

		Tarifas 2010	Tarifas 2011
21	SECUENCIACIÓN DE ADN		
211A	Secuenciación de ADN	6,00 €	6,00 €
212A	Purificación de produtos de PCR	1,50 €	1,63 €
213A	Análise de fragmentos de ADN (inclúe estándar de tamaño)	2,69 €	2,74 €
214A	Análise de fragmentos de ADN (non inclúe estándar de tamaño)	2,15 €	2,19 €
215A	Análise de SNPs ¹	Consúltase dispoñibilidade	Consúltase dispoñibilidade
2151A	Purificación con SAP	Consúltase dispoñibilidade	Consúltase dispoñibilidade
22	REACCIÓN EN CADENA DA POLIMERASA (PCR)		
221A	RT-PCR, kit iScript™ eDNA Synthesis (Bio Rad)-	7,60 €	
2211A	RT-PCR, outros kits	Consúltase dispoñibilidade	
221A	Amplificación de ADN por PCR		1,43 €
222A	PCR con transcriptasa inversa (RT-PCR)		Consúltase dispoñibilidade
222	PCR CUANTITATIVA EN TEMPO REAL		
223A	PCR cuantitativa en tempo real, PLACA ²	10,36 €	9,31 €
224A	PCR cuantitativa en tempo real, sondas SYBRGREEN (duplicado) ³	2,60 €	2,72 €
225A	PCR cuantitativa en tempo real, sondas ESPECÍFICAS	Consúltase dispoñibilidade	Consúltase dispoñibilidade
226A	Tapa de selado adicional para Q-PCR	2,30 €	2,04 €
25	CUANTIFICACIÓN DE ADN, ARN e PROTEÍNAS		
251A	Cuantificación por espectrofotometría (ADN)	0,45 €	
251A	Cuantificación de ADN e ARN (espectrofómetro NanoDrop ND-1000)		0,19 €
252A	Cuantificación de ADN, ARN e proteínas (fluorímetro Qubit)		1,07 €
253A	Cuantificación de ADN mediante electroforesis en gel de agarosa de 7x10 cm (1-14 mostrás)		4,28 €
254A	Cuantificación de ADN mediante electroforesis en gel de agarosa de 15x10 cm (14-19 mostrás)		5,81 €
26	BIOANALIZADOR 2100 (chips) ⁴		
261A	Análise de ADN, por chip (1-12 mostrás)	1,65 €	24,48 €
262A	Análise de ARN, por chip (1-11 mostrás)	2,43 €	27,26 €
263A	Análise de proteínas, por chip (1-10 mostrás)	2,65 €	27,03 €
27	AFFYMETRIX		
271A	Análise da calidade de ARN mediante o Bioanalyzer 2100 (1-12 mostrás)		27,26 €
272A	GeneChip de expresión xénica de Affymetrix		Consúltase dispoñibilidade
273A	GeneChip de genotipado de Affymetrix		Consúltase dispoñibilidade

TARIFAS 2011: Subida do 2% (incremento do IVE)

36 OUTRAS ANALÍTICAS

361A	As III, AsV, arsenobetaina, arsenocolina, DMA e MMA por HPLC-ICP-MS	20,00 €	20,40 €
362A	Determinación de metais por LA-HR-ICP-MS, até 15 disparos por mostra		15,00 €
363A	Determinación de metais por LA-HR-ICP-MS, por disparo adicional a partir de 15		0,60 €

62 ANALÍTICAS COMPLETAS

6201B	Hidrocarburos aromáticos policíclicos en augas por GC-MS, por mostra	79,82 €	81,42 €
6202B	Hidrocarburos aromáticos policíclicos en mostras sólidas por GC-MS, por mostra	106,44 €	108,57 €
6203B	Hidrocarburos aromáticos policíclicos EPA por HPLC-FL, por mostra	53,22 €	
6203B	Índice de hidrocarburos de petróleo en augas GC-FID, por mostra	53,22 €	54,28 €
6204B	Índice de hidrocarburos de petróleo en mostras sólidas GC-FID, por mostra	66,52 €	67,85 €
6205B	Determinación de hidrocarburos totais en augas, por duplicado mostra	38,80 €	31,66 €
6206B	Determinación de hidrocarburos totais en mostras sólidas, por mostra	31,04 €	31,66 €
6207B	Multirresiduos de praguicidas en mostras sólidas, por mostra	106,44 €	108,57 €
6208B	Praguicidas organoclorados en augas por GC-MS, por mostra	79,83 €	81,43 €
6209B	Praguicidas organoclorados en sólidos por GC-MS, por mostra	79,83 €	81,43 €
6209B	Triazinas en augas por GC-MS, por mostra	53,22 €	
6210B	Carbamatos en augas por HPLC, por mostra	53,22 €	
6210B	Compostos orgánicos volátiles por DT-GC-MS, por mostra	31,04 €	31,66 €
6211B	Compostos orgánicos volátiles en augas PT-GC-MS, por mostra	48,79 €	49,77 €
6212B	Policlorobifenilos indicadores en augas por GC-MS, por mostra	79,82 €	79,82 €
6213B	Policlorobifenilos indicadores en mostras sólidas por GC-MS, por mostra	106,44 €	79,82 €
6214B	Policlorobifenilos indicadores en aceite mineral, por mostra		60,00 €
6215B	Policlorobifenilos "dioxin like" método EPA 1668, por mostra	140,00 €	142,80 €
6216B	Policlorodibenzodioxinas/furanos, por mostra	569,80 €	
6216B	Equivalente tóxico total PCDD + policlorobifenilos "dioxin like" por HRGC-HRMS (1-5 mostras), por mostra	569,80 €	581,20 €

TARIFAS 2011: Subida do 2% (incremento do IVE)

9 UNIDADE DE XEOCRONOLOXÍA

NOTAS: ¹ *Análise de espectrometría de masas de gases nobres: estes prezos non inclúen a análise de datos para a resolución de components.*

		Tarifas 2011
91	ANÁLISE DE ESPECTROMETRÍA DE MASAS DE GASES NOBRES ¹	
911A	Ar/Kr/Xe	200,00 €
912A	He/Ne	300,00 €
92	ANÁLISE DE TL/OSL	
921A	Preparación de mostras, por mostra	40,00 €
922A	Medida e obtención de idades en cuarzo: dose equivalente <100 Gy	300,00 €
923A	Medida e obtención de idades en cuarzo: dose equivalente >100 Gy	400,00 €
924A	Medida e obtención de idades en feldespatos: dose equivalente <100 Gy	400,00 €
925A	Medida e obtención de idades en feldespatos: dose equivalente >100 Gy	500,00 €

TARIFAS 2011: Subida do 2% (incremento do IVE)

ANEXO

Co obxecto de poder refrendar a aplicación da normativa dos SAI donde consta:

“No caso de usuarios tipo B e C interesados en encargaren unha actividade aos SAI que implique un volume grande e/ou extenso de traballo, poderase estudar e propor a sinatura de contratos ou convenios entre as partes que regulen, entre outros aspectos, uns termos e unhas condicións económicas que resultaren máis favorables para o solicitante que se se tratar de actividades puntuais.”

Establécese que se poidan aplicar acordos económicos favorables con usuarios de tipo B e C que non poderán superar o 15% da tarifa vixente para o grupo con quen se vaia a asinar o convenio.

